



SEGUIMOS CON ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE COLABORATIVA NO CEIP LÓPEZ FERREIRO

Enviado por [admin](#) [1] o Xov, 05/11/2023 - 08:03

Durante este terceiro trimestre de curso, o noso alumnado seguiu alfabetizándose nas novas linguaxes creativas. Para iso, as nenas e os nenos de 2º e 4º de educación primaria realizaron un obradoiro de iniciación á informática cos escornabots, mentres que en 3º, un taller de lectura expresiva guiado por Charo Pita. Estas actividades puideron levarse a cabo grazas á nosa participación nos programas *Radio na biblia* e *Biblioteca Creativa*, polo que no [blog da biblioteca](#) [2] se atopa máis información.

Ademais, e contando coa colaboración das familias, o Equipo de Actividades Extraescolares xunto co Equipo da Biblioteca organizaron un mercadillo solidario para colaborar coa asociación *Centinelas*. Deste xeito, as nenas e os nenos intercambiaron produtos de hixiene por libros xa descatalogados da nosa biblioteca, fomentando valores de xenerosidade, empatía e recoñecemento das diferentes realidades.



E en colaboración coa ANPA do centro e mais o CAFI, a psicóloga educativa Begoña Castro volveu ao noso centro. Nesta ocasión, para ofrecer unha charla sobre "Remedios literarios", ou como a lectura contribúe a desenvolver e a espertar as nosas emocións, motivadoras de calquera aprendizaxe.

Ao final da charla, tamén nos visitou o escritor e psicólogo Luís Rodríguez Cao, que nos agasollou co seu libro *As viaxes de Xurxo*, e nos emocionou co recitado dalgunhas composicións incluídas no seu poemario *Creación y luz*, unha oda ao nacemento e ao comezo da vida.



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/2>

[2] <https://bibliolulu.blogspot.com/>